

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

CINEUROPA

XOVES 21 NOVEMBRO 2024

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Timothy Brock, director

INCÓGNITAS

PROGRAMA

STEAMBOAT BILL, JR. (O heroe do río) (1928)

Buster Keaton e Charles Reisner

EUA - 70 min - Ficción - B/N - Muda

Ficha artística

William Canfield Jr.

John James King

William "Steamboat Bill" Canfield

Tom Carter

Kitty King

Sacerdote

Buster Keaton

Tom Maguire

Ernest Torrence

Tom Lewis

Marion Byron

James T. Mack

Ficha técnica

Director

Guión

Música

Fotografía

Director técnico

Asistente do director

Montaxe

Produtora

Charles F. Reisner

Carl Harbaugh

Timothy Brock (2003)

Devereaux Jennings,

Bert Haines

Fred Gabourie

Sandy Roth

Sherman Kell

United Artists

SINOPSE

No río Misisipi, os donos de dous barcos fluviais compiten polo control do transporte de mercadorías. William Canfield é un deles; el confía en que o seu fillo, que estudou na cidade, axude no negocio. Pero o rapaz non ten experiencia ningunha e, ademais, namora da filla do seu rival, o que complica aínda máis o asunto.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Timothy Brock

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Ildiko Oltai
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca

Irina Gruia

Gyula Vadaszi
Helena Sengelow

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Nacho Marino

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska
Manuel Lorenzo
Carlos García
Thomas Piel
Millán Abeledo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo

FRAUTAS

Luis Soto *
Helena Orriols **

ÓBOES

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López
Vicente López *

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón

TROMPETAS

Javier Simó
Ramón Llátser **
Oscar Rial ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Faustino Núñez (R)

TUBA

Cesar Núñez (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

BANJO

Rubén Barros (R)

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *
Jorge Denis ***
Iker Iriondo (R)
Mª Isabel Diego (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

TIMOTHY BROCK

DIRECTOR

Timothy Brock é un activo director e compositor especializado en obras de concerto de principios do século XX e representacións en vivo de cine mudo. Como autoridade nas interpretacións orquestrais dos anos vinte e trinta, foi chamado para dirixir algunhas das mellores orquestras do mundo, tanto en repertorio de concerto como en música cinematográfica de época.

Considerado un dos máis importantes expertos en música de cine mudo, as súas contribucións máis salientables neste campo son as súas restauracións e as edicións publicadas da única partitura de cine mudo de Dmitri Shostakóvich, *A nova Babilonia* (1929); a épica italiana de Manilo Mazza, *Cabiria* (1913); a partitura dadaísta de Eric Satie, *Entreacto* (1924) e a famosa partitura de George Antheil para o *Ballet mecánico* (1924). Outras restauracións de partituras cinematográficas inclúen *Opus I* (1920) de Max Butting, *O asasinato do duque de Guisa* de Camille Saint-Saëns (1908) e *Sinfonía do lume* (1914) de Ildebrando Pizzetti. En 1998, comezou o seu traballo sobre as partituras de Charles Chaplin cando lle

encomendan a restauración da ilustre partitura de *Tempos modernos* e desde entón, restaurou unha dúzina de longametraxes mudas de Chaplin e partituras curtas ata que rematou o traballo en 2012. Como compositor escribiu aproximadamente sesenta obras para concerto e cine mudo.

Tamén foi unha figura pioneira na área do que popularmente se coñeceu como Música Degradada, música de compositores prohibida polo Terceiro Reich, pola que recibiu algúns dos seus maiores recoñecementos. Entre os anos 1989 e 2000 ofreceu as estreas norteamericanas da *Sinfonía núm. 2* de Erwin Schulhoff, *Pequena Sinfonía*, *Niemandslied* e *Kuhle Wampe* de Hanns Eisler, así como unha das primeiras representacións da conmovedora ópera de Viktor Ullmann *O emperador da Atlántida*, escrita desde o gueto de Terezin en 1944. As obras de Erwin Schulhoff (1894-1942), Franz Schreker (1878-1934), Alexander von Zemlinsky (1871-1942), Hans Krása (1899-1944), Gideon Klein (1919-1944) e Pavel Haas (1899-1944) destacaron nesta serie.

As súas obras de concerto inclúen tres sinfonías, tres concertos, unha cantata, dúas óperas e varias pezas orquestrais individuais. En 1995 recibiu unha bolsa para compositores da Comisión de Artes do Estado de Washington, durante a cal compuxo a súa primeira ópera, *Billy* (1995, con libreto de Bryan Willis), o *Divertimento: cinco imaxes postais para orquestra* e a súa segunda ópera, *Mudhoney* (1998, que el mesmo adaptou do guiión orixinal de *Friday Locke* de Bryan Willis). En 1999 recibiu o encargo de compoñer un ciclo de cancións orquestrais para a coñecida soprano Cyndia Sieden, quen ofreceu a estrea de *O funeral de Youth*, catro escenas orquestrais de catro poemas do poeta inglés Rupert Brook. Así mesmo, compuxo un novo concerto para violín para Stephen Bryant (Orquestra Sinfónica da BBC).

Entre as 27 partituras orixinais para cine mudo que produciu ao longo de case 30 anos destacan *Prix de beauté* (Orquestra Nacional de Lión), *O heroe do río* (Orquestra Sinfónica de Berna), *Amencer* (20th Century Fox), *O camarógrafo* (Orquestra de Cámara de Los Ángeles), *Parodia de Carmen* (Teatro de la Zarzuela, Madrid) e *O gabinete do doutor Caligari* (Filharmónica de Bruxelas/BMG).

A longa relación de Brock coa institución mundial líder de preservación do cine, a FilMOTECA de Boloña, deu lugar a

sete partituras, incluíndo *Nosferatu* (1922), *O abanico de Lady Windermere* (1925), *O defunto Matías Pascal* (1926) e *Tres homes malos* (1926). En 2017 Brock dirixiu a estrea mundial da súa tan esperada nova partitura para a épica de ciencia ficción de Fritz Lang *A muller na Lúa* (1929), encargada polo Konzerthaus de Viena e estreada coa Orquestra Sinfónica da Radio de Viena.

Entre os seus compromisos de dirección, destacan aparicións regulares coa Filharmónica de Nova York, Sinfónica da BBC, Sinfónica de Chicago, Orquestra Nacional de Lión, Sinfónica Escocesa da BBC, Filharmónica da NDR, Academia de Santa Cecilia, Orquestra Sinfónica Nacional da RAI e Sinfónica da Radio de Viena.

Brock traballa tamén en novas partituras de varias películas de Buster Keaton e a súa magnífica partitura para a obra mestra de Fritz Lang *Frau im Mond* estreouse na Konzerthaus de Viena e en moitas outras salas de concertos importantes de Europa.

En xullo de 2018 dirixiu con grande éxito unha nova produción de *West Side Story* no Teatro Comunale de Boloña e en novembro de 2019 unha nova produción de *Lady Be Good* de Gershwin no Teatro San Carlo de Nápoles, mentres que na temporada 2022-23 dirixiu o musical *My Fair Lady* no Teatro Rexio de Turín.

NOTAS AO PROGRAMA

Buster Keaton creceu en contacto co vodevil, realizando os seus primeiros traballos aos catro anos e debutando no cinema cando tiña vinte e un. Ao longo da súa carreira, gozou dunha gran liberdade artística, dando espazo ao seu talento para desenvolver todo o seu potencial ante a cámara antes de incorporarse á produtora MGM en 1928. El mesmo explicaba que nunca filmaba seguindo unha fórmula estrita, senón que se orientaba segundo o argumento e unhas poucas de ideas vagamente esbozadas nas que se inspiraba para despois encher os ocos con improvisación.

O *heroe do río* inspirouse na curtametraxe de Walt Disney *Stemboat Willie*, que foi estreada 6 meses despois, e resultou ser o debut de Mickey Mouse. Este filme é o último de Keaton producido de forma independente e, como tal, ofrece unha serie de ideas especialmente audaces e creativas, así como un sólido deseño dramático e aínda que na súa estrea foi un fracaso de público e recibiu críticas de todo tipo, co paso dos anos, considérase con toda xustiza, unha obra mestra da época e chegou a

ser descrita como “...unha fermosa comedia que equipa o rexeitamento paterno coas forzas da natureza máis violentamente destrutivas; detrás da elegante comedia, hai unha elocuente fábula de supervivencia...”

O sinxelo argumento –algúns críticos e estudosos falan dunha adaptación máis da historia de Romeo e Xulieta–, unido a un ritmo moi moderno para a época, fan que esta película sexa unha lección maxistral de posta en escena e de imaxinación, con sorprendentes movementos de cámara e o personaxe creado por Keaton, un tipo que resiste firme no centro do caos, sen desfalecer e saíndo de todas as calamidades con modais de auténtico cabaleiro. Mais se a película pasou á historia do cinema, posiblemente, débese á sublime e complexa escena do tornado, na que o violento fenómeno o destrúe todo, quedando só a cama na que está o protagonista para chegar a unha das imaxes máis distintivas do cinema mudo na que a fachada dun edificio cae sobre Keaton, xusto no oco dunha xanela, salvándose polos pelos. Como curiosidade, esa escena foi cambiada sobre a idea orixinal cando o dis-

tribuidor de *Steamboat Bill* visitou a Joe Schenck quen, presumiblemente, ía ser o produtor e díxolle: “Keaton non pode rodar a secuencia da inundación porque todos vivimos os anos das inundacións e demasiadas persoas perderon a vida. É demasiado doloroso para rirse diso”. Cando Schenck lle dixo ao actor e director que non sería axeitado gravalo, este respondeulle: “É estraño, porque durante a Gran Guerra, Chaplin fixo unha película titulada *Armas ao ombreiro*, que foi o maior éxito de público da súa época. É difícil pensar nunha convulsión peor que a Gran Guerra; e Chaplin converteuna na súa mellor película cómica [...] Pareceche ben que o faga cun tornado?” Parece que houbo acordo porque ninguén sabía que en Estados Unidos tornados e furacáns provocan catro veces máis vítimas que as inundacións. Desde o fotograma do vendaval ata a fin, a película está chea de efectos e gags xeniais, que a converteron nun referente dese xénero tan cinematográfico como é a comedia física da que o propio Keaton, Chaplin, Harold Lloyd ou Mabel Normand foron grandes figuras.

A música orixinal recalca perfectamente as escenas e baséase nos sons do *swing*, o *dixieland* e o *jazz* coñecido como *vintage*. Á versión con violín, piano e percusión, se-

guíron outras ata chegar á partitura de Timothy Brock, presentada no Festival Il Cinema Ritrovato de Bolonia. A peza é unha verdadeira obra mestra, un dos exemplos máis brillantes e frutíferos do cinema mudo clásico recuperado, un inventario da ironía na música, un estudado equilibrio de humor e melancolía que resume perfectamente o espírito desta cinta e, en xeral, o xenio de Buster Keaton.

En palabras de Timothy Brock: “O que me interesa é a forma en que Keaton construía as súas películas, cun tremendo sentido do ritmo e a atmosfera, Chaplin era igual. É extremadamente musical. Quizais se deba a que ambos se criaron no teatro, non sei, mais un pode poñer un metrónomo en case calquera escena e a acción e as emocións parecen aliñarse sempre con precisión.” Para Brock, os concertos de cine mudo son unha fonda inmersión nas propias películas e, como compositor, a música deste xénero ten un son contemporáneo, pero arraigado no pasado. O director tamén asegura que a investigación cinematográfica é unha parte moi importante de seu traballo polo que lle resulta importante saber en que contexto se fixo a película, que se tería esperado do compositor orixinal se xa existise unha partitura e cales poderían ter sido as preferencias musicais do director.

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

**PRÓXIMO CONCERTO
OS ELEMENTOS**

XOVES 28 NOVEMBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Amandine Beyer, directora e primeiro violín

- Jean-Féry Rebel: Les Éléments
- Elisabeth Jacquet de la Guerre: Céphale et Procris (Suite)
- Jean-Marie Leclair: Scylla et Glaucus (Suite)
- Jean Philippe Rameau: Zoroastre (Suite) e Les Fêtes d'Hébé (Suite)

